

[PRESENTACIÓN]

Na España do século XIX produciuse o tránsito do sistema político absolutista ao sistema liberal. O proceso de implantación do liberalismo estivo cheo de dificultades, avances e retrocesos, agudizados pola propia división interna dos liberais en moderados, progresistas e demócratas, o que non impedirá co liberalismo se impoña de xeito permanente. Fernando VII (1814-33) será o xenuino representante do absolutismo, mentres que o liberalismo estará ligado ao reinado da súa filla Isabel II (1833-68) e á cabeza dos principais partidos liberais atoparemos a personalidades formadas no ámbito militar entre as que destacan Espartero, Narváez, O'Donnell, Serrano y Prim.

[DESENVOLVEMENTO]

[DOCUMENTO 1] O reinado de Fernando VII (1814-33) vai eliminar o liberalismo xa desde o momento do seu regreso cando, alentado por determinados sectores suprima toda a obra das Cortes de Cádiz. Neste contexto situamos o coñecido como Manifesto dos persas (1814), mediante o que un grupo de deputados das Cortes ordinarias demanda do rei o retorno as antigas leis. Dito reinado será escenario do contínuo enfrontamento entre os partidarios do absolutismo e do liberalismo. Os liberais organizaráanse no exilio e en sociedades secretas e tentarán tomar o poder mediante pronunciamentos, a maioría fracasados e duramente reprimidos. Só o éxito da sublevación de Riego en 1820 permitirá aos liberais poñer en práctica as súas ideas durante o chamado Trienio liberal (1820-23), período no cal os liberais vanse ir agrupando en dous sectores que máis tarde van denominarse moderados e progresistas.

O absolutismo, como sistema de organización político-social propia do Antigo Réxime, estaba en plena descomposición despois do impacto das chamadas revolucións burguesas. O exemplo da revolución americana e da Revolución francesa estenderase amplamente e os exércitos napoleónicos colaborarán na difusión das novas ideas. Podemos caracterizar á monarquía absoluta como un réxime de goberno persoal, no que non existe a división de poderes, estando todos concentrados na persoa do monarca en quen reside a soberanía e é fonte de toda legalidade. O rei goberna persoalmente ou mediante un valido (caso de Carlos IV e Godoy), axudado polos secretarios de despacho e algúns dos antigos Consellos (Consello de Castela). As Cortes perden a súa finalidade e non se convocan máis que para xurar ao herdeiro. Este sistema político coexiste con restos de institucións do medievo, como os señoríos xurisdiccionais nos que os señores desempeñan funcións propias do Estado. Ademais debemos sinalar que o absolutismo se asenta sobre unha sociedade estamental, na que coexisten diferentes rexímenes legais para cada estamento, exemplo de desigualdade ante a lei.

No proceso político español do século XIX, o primeiro liberalismo prodúcese durante a Guerra da Independencia, cando as Cortes reunidas en Cádiz (1810-1812) redactan e aproban a primeira constitución española. A Constitución de Cádiz establece as liñas básicas do liberalismo español e será un texto de referencia para os liberais: soberanía nacional, división de poderes, sufraxio universal masculino, declaración de dereitos, Concellos electivos e formación da Milicia Nacional.

[DOCUMENTO 2] Será durante o reinado de Isabel II cando se estableza de xeito definitivo o réxime político liberal de tendencia moderada e que terá a máxima expresión na Constitución de 1845. O moderantismo, modelo de liberalismo

doutrinario, caracterízase por manter un forte poder real: a soberanía é compartida (Cortes+Rei), a división de poderes imperfecta, tendo o rei amplas atribucións lexislativas, mentres que o sufraxio é moi restrinxido e as liberdades individuais quedan limitadas, especialmente a de expresión e prensa, o que unido á confesionalidade do Estado caracteriza ao réxime moderado. Os gobernos moderados estenderáanse desde 1843 a 1853 cando se forme o Bienio progresista (1854-56) e continuará cunha nova formación política a Unión Liberal durante a última etapa isabelina (1856-68).

[DOCUMENTO 3] Un novo grupo vai formarse dentro do liberalismo a partir de 1848, os demócratas, unha esción dos progresistas, que formarán o seu propio partido político coa defensa do sufraxio universal masculino como elemento diferenciador.

O liberalismo ten as súas bases ideolóxicas no pensamento do inglés John Locke e dos franceses Montesquieu e Rousseau. Ten como principios os dereitos do home entre os que están: liberdade (persoal, de conciencia, de expresión, de prensa, de domicilio...), igualdade ante a lei e propiedade. Concepto propio e fundamental do liberalismo é o de soberanía, que pasa de ser real para residir na Nación, entendendo por tal ao conxunto dos cidadáns. Como sistema político baséase na división de poderes: lexislativo nas Cortes, executivo no Rei e ministros e xudicial en xuíces independentes. Tamén no dereito de sufraxio exercido polos cidadáns para elixir aos seus representantes. O sistema político liberal queda recollido nun texto legal máximo chamado Constitución, referencia para toda a lexislación posterior.

A crise política, económica e social dos últimos anos do reinado isabelino vai facer que o liberalismo progresista, demócrata e máis tarde a centrista Unión Liberal asinen o Pacto de Ostende (1866) no que acordan pór fin á monarquía isabelina e ao seu réxime moderado. Estes serán os protagonistas da Revolución Gloriosa de 1868 que manda ao exilio a Isabel II e abre a etapa histórica do Sexenio Democrático no que se levarán á práctica os ideais demócratas, recollidos na Constitución de 1869.

#### [CONCLUSIÓN]

En conclusión, durante o século XIX en España, a pesar da permanencia do absolutismo durante o reinado de Fernando VII, vaise producir a plena implantación do sistema político liberal. O liberalismo isabelino terá un marcado carácter conservador e os liberais moderados monopolizarán o exercicio do poder político provocando que as demais formacións políticas teñan que recorrer ao permanente recurso do pronunciamento para conseguir o acceso a dito poder. Causas que unidas á crise económica, á corrupción e ao persoal desprestixio da raíña contribuirán a que teña éxito a Revolución de 1868, que abrirá paso ao Sexenio Democrático.